

Lois Pereiro

Xurxo Lobato e Antón Losada

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOBATO, XURXO E ANTÓN LOSADA (2011 [1995]). “Lois Pereiro”. En Xurxo Lobato, *Galegos na escaleira*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 102. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/517>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOBATO, XURXO E ANTÓN LOSADA (1995). “Lois Pereiro”. En Xurxo Lobato, *Galegos na escaleira*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 102.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LOIS PEREIRO

ANTÓN LOSADA

De sempre se dixo que hai dúas clases de persoas: os que falan e os que teñen algo que dicir. Os que falan, fano sen parar, recoñécense entre si e fanse sitio uns ós outros ou pelexan para seguir perorando. Os que teñen algo que dicir adoitan ser tipos calados, se cadra porque cando se teñen as ideas claras non hai moito máis que falar e o que hai que dicir dise rápido. Lois Pereiro fala claro, simple, directo o fondo máis fondo do corazón, onde xa non quedan máis sitios para acocharse, cando estás “helpless, helpless” como dixo Neil Young.

Coñecino na Coruña, a forza de compartir unha máquina de escribir pequena de cór crema, nun piso que, de noite ó mirar pola fiestra, parece que esteas en Manhattan. Seu irmán e eu facíamos gamberradas na televisión, il poesía. Eran outros tempos, cando pensamos que se podía cambiar este país armados con revistas, ideas, verbas e verbos, antes desta era de gaitas e paleadoras. Teño collido algún libro da súa man: Luna Halcón de Sam Sheppard, falado de cine, logo de ver Miller’s Crossing dos Cohen, feito algunha viaxe en coche i en álbumes de fotografías dende Monforte á Coruña. Monforte, sempre Monforte, pero Monforte non existe, é un invento dos monfortinos na emigración. Poeta resistente, case que na clandestinidade, fumador imprudente, camarada da sombra maldita, casual e inxusta da súa mala saúde de ferro, conductor despistado, silencioso cabaleiro, e sempre, desobediente disposto a pagar o prezo da independencia. Coñecer a Lois Pereiro é saber dalguén a quen respetar.

Galicia, si é que estás, recorda. A Lois Pereiro debeselle a cartografía da parte máis escura de todos nós, a que poucas veces somos quen de ver. Un traballo suxo pero que alguén tén que facer, e agora simplemente transcribo e aprendo: descifrar os húmidos monólogos das cisternas de noite, viaxar polo suburbio de aceiro e quilowatios, escoita-las emisoras árabes na onda media neste abatemento desértico de Europa, cando a alerxia ó mundo desperta transpirarse no narcisismo e a vea que nos acolle tan azul para rezar a “Penetration prayer”: *“Pois a demolición / é o ferro que nos arma / celebra a nostalgia / e na ausencia do vicio / conserva o teu odio / condénate / amén”*.



O poeta monfortino, sempre resistente, caseque clandestino